## 27-X DOMINGO 18.00 H

### TEATRO DOS GHAZAFELHOS
*Rubicundo*




Todas as noites, Rubicundo sae na súa bicicleta rumbo á noite pechada. Enfundado nun gabán e cun sombreiro de copa, pasa desapercibido para todos, agás para Erea, que estará disposta a descubrir o segredo de Rubicundo.

Este divertido espectáculo de actores, monicreques, música, baile, acrobacias e sorpresas, baseado na fermosa historia de María Canosa, anímanos a perseguir os nosos soños.

**Intérpretes:** Pepablo Patiño, Móntse Piñón e Jorge Casas / **Espazo sonoro e escenografía:** T. Ghazafelhos / **Dirección e adaptación:** Pepablo Patiño / **Autora do libro:** María Canosa

**Duración: 1 hora**
**Público: a partir de 4 anos**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 1-F VENRES 21.00 H

### NANI GARCÍA TRÍO
*Jazz*




Nani García, un dos grandes do jazz e da música contemporánea de Galicia, realizará un inesquecible concerto acompañado do seu trío. Esta formación, curtida nos escenarios e nos festivais de jazz internacionais máis relevantes, volta reinventada, sen esquecer as súas orixes jazzísticas, que tantos éxitos lle procurou.

Interpretará música de composición propia cun novo concepto que, o mesmo Nani García, denomina "indie jazz", un estilo novo, refrescante, contemporáneo e moi apetecible.

Nani García é unha das figuras máis destacadas da música galega e internacional como compositor, intérprete, arranxista e produtor de todo tipo de formatos e xéneros contemporáneos e de vangarda.

**Intérpretes:** Nani García (piano), Simón García (contrabaixo) e Miguel Cabana (batería)

**Duración: 1 h 15 min | Público: todos os públicos**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**

## 8-F VENRES 21.00 H

### PT EXCÉNTRICAS - MOFA E BEFA
*Cranios privilexiados...ou Crítica da razón perralleira*




Mofa e Befa enfróntase por vez primeira na súa dilatada traxectoria ao metálico ardor da dúbida. "E agora que?", sería o seu particular remedo do método cartesiano.

De que vai iso de pensar? Por que non superar todas as dúbidas facendo un espectáculo metafísico sobre a propia ciencia do pensamento, coñecida polo enigmático nome de "filosofía"?

No seu 25 aniversario, o dúo cómico conxurará a xenios como Sócrates ou Kant ou o máis grande filósofo galego, Polemón, curiosamente, o pai dos dous ousados cómicos, para reflexionar sobre a vida, a galopeante actualidade e as grandes preguntas da humanidade. *É hora de pensar, non queda outra.*

**Intérpretes:** Josito Porto e Víctor Mosqueira / **Dirección de arte:** Natasha Lelenco / **Espazo lumínico:** Octavio Mas / **Atrezzo:** Marcelino de Santiago "Kukas" / **Autores:** Pepe Sendón e Carlos Santiago / **Dirección e dramaturxia:** Carlos Santiago

**Duración: 1 h e 30 min | Público: Para maiores de 12 anos | Prezo da entrada: 4 € / 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 10-F DOMINGO 18.00 H

### BAOBAB TEATRO
*Pum, pum!*




Marieta é coma calquera outra nena de cinco anos. Está rodeada de portas, portas que se abren e contan historias, historias que teñen música e cantan. Pero Marieta ten unha porta que garda un segredo. Un segredo que nunca contou e que ninguén escoitou.

Este tenro e divertido espectáculo fala de historias que lles pasan aos máis cativos, e trata tamén con moita sensibilidade un tema delicado como os abusos na infancia, transmitindo unha mensaxe clara: ninguén pode obrigarnos a facer cousas que non queremos.

**Intérpretes:** Davide González e Andrea Bayer / **Deseño de iluminación:** Daniel Abalo / **Música orixinal:** Davide González / **Música nana:** Elena Paz / **Títeres:** Óscar Ferreira e José Manuel Vidal / **Texto:** Andrea Bayer / **Escenografía e dirección e:** Óscar Ferreira.

**Duración: 50 min**
**Público: a partir de 4 anos**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 15-F VENRES 21.00 H

### ESCUCHANDO ELEFANTES
*Hope*




Os coruñeses Silvia Rábade e Carlos Tajes integran este grupo de folk-rock. As súas dúas voces soan como unha. Actualmente, é unha das bandas favoritas do público pola forza e o dinamismo que transmiten coas súas cancións, que se debe á súa paixón por tocar na rúa.

Tras percorrrer Europa compartindo experiencias con músicos como Bono (U2) ou Sinéad O'Connor, entre outros, chegan a Carballo para ofrecernos un dos concertos que os caracterizan, sorprendente e imprevisible.

Presentarannos o seu terceiro traballo publicado en marzo de 2017, *Hope,* cun son máis eléctrico e máis enérxico e cancións que pasan da tristura á alegría, ensalzando a esperanza que dá nome ao álbum.

**Intérpretes:** Silvia Rábade e Carlos Tajes

**Duración: 1 h 10 min**
**Público: todos os públicos**
**Prezo da entrada: 4 € / 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 22-F VENRES 21.00 H

### TEATRO DO ATLÁNTICO
*Dúas donas que bailan*




Unha muller maior, que soña cunha viaxe a París, resístese a abandonar o piso no que habita. Os fillos e do dono da vivenda teñen outros plans.
Outra muller chegará para facer as labores da casa e cada xornada convértese nun inquietante e cómico "toma e daca".
Unha das compañías galegas máis sólidas, que recibiu recentemente o Premio da Crítica de Galicia, preséntanos un agasallo teatral, adobiado de humor malvado.
Compartiremos os soños e os fracasos de dúas fortes mulleres que se enfrontan ao alzhéimer, á soidade, ao desencontro xeracional e a outros asuntos que impón a sociedade contemporánea. *Invadiranos a tenrura*.

**Intérpretes:** María Barcala e María Ángeles Iglesias / **Espazo escénico:** Antonio F. Simón / **Espazo sonoro:** Brais Morán / **Tradución e axud. dirección:** Aleixandre Lago / **Dirección e dramaturxia:** Xúlio Lago / **Autor:** J. Mª Benet i Jornet.

**Duración: 1 hora e 15 minutos | Público: Adulto**
**Prezo da entrada ordinario: 4 € / 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 24-F DOMINGO 18.00 H

### PATA TEATRO
*Frankenstein, no soy un monstruo*




Víctor Frankenstein é un doutor que quere chegar lonxe no mundo da medicina. A súa idea é crear un ser e darlle vida, pero non todo sae como el esperaba e Frankenstein iniciará unha viaxe apra demostrar que non é un monstro.

A premiada compañía malagueña Pata Teatro, tócanos o corazón e sópranos o cerebro con esta enxeñosa comedia, versión libre da obra universal de Mary Shelley que está de 200 aniversario.

**Intérpretes:** Josemi Rodríguez e Carlos Cuadros / **Escenografía:** Vicente Palacios / **Vestiario:** Eli Postigo / **Iluminación e son:** Josemi Rodríguez / **Dirección e dramaturxia:** Macarena Pérez e Josemi Rodríguez

**Duración: 1 hora**
**Público: a partir de 5 anos**
**Prezo da entrada: 4 € / 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 15-M VENRES 21.00 H

### TALÍA TEATRO
*Vida de cans*




Tres actores. Tres cans. Ou tres actores que fan de cans. Sen deixar de ser actores. Sen deixar de ser cans.

Están recluídos nun recinto que lles preparou o seu amo. Moi grande, moi cómodo, moi ameno, moi limpo... pero recinto. Ben tratados, ben atendidos, ben alimentados, ben acariñados... pero recluídos.

Fóra do recinto está a liberdade. Cos seus desacougos, as súas incertezas, os seus perigos... pero liberdade.

Talía Teatro regresa cunha traxedia... que nunca deixa de ser comedia. Comedia absurda, paródica, metafórica... escrita por Cándido Pazó.

**Intérpretes:** Toño Casais, Artur Trillo e Dani Trillo / **Vestiario:** Martina Cambeiro / **Escenografía e iluminación:** Dani Trillo / **Dirección e autor:** Cándido Pazó.

**Duración: 1 hora e 15 min | Público: Adulto**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 16-M/17-M S/D 18.00 H

### AULA DE TEATRO MUN. DE CARBALLO
*A bonitísima historia da princesa Maricarmen*




A Aula Municipal de Teatro de Carballo presenta a súa primeira montaxe dirixida a público infantil, unha versión libre da obra *Suspendese a función* de Fernando Lalana.

**Intérpretes:** Víctor Lorenzo, Javier Varela, Marcos Casás, María Caamaño, Bea Cortizas, Celia Bello, Isabel Calvete, Ana Porteiro, Belén García, Maruxa Cotelo, Olga Amigo, Anxos Verdes, Manuela Rodríguez, Javier Fraga / **Versión e Dirección:** Artur Trillo.

**Duración: 50 min | Público: a partir de 5 anos**
**Entrada con convite (ver condicións en + info)**

## 22-M_VENRES_21.00 H

### ROCKARBALLO
***Amenaza de Muerte, The Cerne, Strobos, Quercus Blues, Eoe e Versión Imposible***

Rockarballo, a cita musical coa música ao vivo que as agrupacións carballesas van creando e arranxando ao longo do ano, volta de novo cargada de novidades.

**Duración: 2 h / Público: Todos**
**Entrada: gratuíta, ata completar aforo**

## 29-M VENRES 21.00 H

### EME2 PRODUCIÓNS
*A Leituga*




Cinco familiares reúnense na casa da irmá maior para celebrar o aniversario do pai, que se atopa en estado de coma desde hai nove anos. O que de primeiras semella unha sinxela celebración, convértese nunha encarnizada poxa por ver quen se responsabiliza dos coidados do pai.

En clave de humor, abórdase un conflito familiar polo que todos podemos pasar e no que agroman distintos puntos de vista e realidades, lealdades e deslealdades familiares, contas pendentes, a esperanza e a aceptación. O dereito á vida e o dereito á morte.

**Intérpretes:** Antonio Duran "Morris", Federico Pérez, María Vázquez, Mercedes Castro e Xose Barato / **Escenografía e iluminación:** José Manuel Faro, Coti / **Música orixinal:** Anxo Graña / Vestiario: Uxía Vaello / **Tradución:** José Luis López Roca / **Axudante de dirección:** Tamara Canosa / **Autor:** César Sierra / **Dirección:** Víctor Duplá

**Duración: 1 hora 20 min**
**Público: adulto**
**Prezo da entrada: 5 € / 3,5 €**

## 30-M SÁBADO 20.30 H

### TROYANOS DE COMPOSTELA
*Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya*




A música popular das tunas compostelás e de autores galegos de finais do século XIX e comezos do XX serán as protagonistas deste animado concerto que recrea a atmosfera da tradición popular musical e da tuna estudantil, que alcanzou o seu esplendor aproximadamente hai un século.

O grupo da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, Troyanos de Compostela, será o encargado de mergullarnos neste ambiente do tempo de *La Casa de la Troya*, que é o fío condutor de *Viva Galicia!,* o primeiro disco desta formación vinculada á casa-museo compostelá da coñecida novela que pretende investigar e divulgar a actividade musical desa época con este grupo de corda pulsada. O mestre Fernando Reyes, especialista en música patrimonial e histórica é o director musical deste traballo.

**Duración: 1 h | Público: todos os públicos**
**Entrada con convite (ver condicións en + info)**

## 31-M DOMINGO 18.00 H

### TEATRO Ó CUBO
*Nube nube sol*




As nubes chegan. Chove. Sae o sol. A natureza esperta para encherse de cores. Ao amparo dos paraugas atoparemos agocho, bailaremos, cantaremos acompañados de pintorescos animais.

A través do corpo, da xestualidade, o canto e a música, Teatro ó cubo achega á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza.

**Dirección e intérpretes:** Sofía Espiñeira e Roberto Casal / **Escenografía:** Beatriz de Vega / **Musica orixinal:** Brais das Hortas / **Ilustración:** Rosa Abeijón / **Texto, canción e coreografía:** Sofía Espiñeira.

**Duración: 45 min**
**Público: de 0 a 4 anos**
**Número de espectadores: 40 bebés acompañados de 40 adultos**
**Prezo da entrada: 5 € / 4 € (inclúe 1 entrada de bebé e outra de adulto)**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

# VENRES cool TURAIS

## +Info

Pazo da Cultura | Rúa do Pan s/n | 15100 Carballo
Coordenadas GPS: Latitude 43.211702 - Lonxitude -8.695394
Tfno.: 981 704 300 | cultura@carballo.gal | www.carballo.gal

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible. Prégase puntualidade. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión. Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán filmar ou gravar o espectáculo sen autorización explícita da organización

Organiza: concello de CARBALLO | CONCELLARÍA DE CULTURA | pazo da Cultura

Colaboran: AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais | XUNTA DE GALICIA Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria | Rede Galega de Teatros e Auditorios | Deputación da Coruña

# Exposicións

**HORARIO DE APERTURA**
de 17.00 h a 21.00 h
de luns a domingo

## DO 10 AO 31 DE XANEIRO

### SERGI CÁMARA
***Familias completas, familias incompletas***




Mostra fotográfica, 18 retratos de familias, ou mellor dito, de partes de familias, chegadas a illa de Lesbos do reputado fotoperiodista Sergi Cámara, especializado nas migracións de África cara Europa e nos refuxiados.

Esta exposición completa a visón da problemática que rodea o mundo árabe que nos achega o Ciclo de cine "Amal en ruta" que ten lugar na Biblioteca Rego da Balsa e no Pazo da Cultura entre o 17 e o 31 de xaneiro.

Organiza: Fundación Araguaney – Puente de Culturas e Concello de Carballo

## DO 17 XAN AO 3 FEB

### SIRO LÓPEZ
***O camiño á Constitución nas caricaturas de Siro***




Selección de debuxos do pintor, caricaturista e escritor galego Siro López da época da transición española ata a aprobación da Constitución en 1978. Máis de cen pezas dunha serie que publicara "La Voz de Galicia", co título de *A transición en imaxes*.

Unha metáfora plástica na que o gran debuxante demostra o talento e sutil enxeño co que retrata os alporizados anos que levaron a España á democracia.

Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo




## DO 6 DE FEB AO 6 DE MAR

### XV CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS ISAAC DÍAZ PARDO

Obras seleccionadas na XV edición deste certame referente nas artes plásticas de Galicia organizado pola Deputación da Coruña. A exposición aglutina máis de 25 pezas de pintura, escultura, fotografía, gravado, collage, videocreación,.. que integran un ecléctico escaparate das tendencias da arte actual de artistas galegos e nacionais.

Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo




## DO 7 AO 19 DE FEBREIRO

### XI PREMIO ARTE GRÁFICA JESÚS NÚÑEZ

Selección de 25 obras de gravado calcográfico, litografía, serigrafía ou xilografía escollidas polo xurado da XI edición deste certame de gravado da Deputación da Coruña, de carácter anual. A participación de artistas de máis dunha vintena de países é indicativa do prestixio e repercusión internacional desta iniciativa nesta arte gráfica.

Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo




## DO 21 DE FEB AO 13 DE MAR

### MARCOS RODRÍGUEZ | *Miradas de marfil*

O carballés Marcos Rodríguez retrata nesta exposición a crúa realidade de Costa de Marfil a través de fermosas instantáneas da vida cotiá deste país africano, realizadas nunha viaxe coa ONG Égueire, moi vinculada á Costa da Morte, e que leva a cabo diversos proxectos de cooperación con este país.

A cor branca dos ollos dos pequenos marfileses é a gran protagonista da comprometida mirada deste fotógrafo, recoñecido, entre outros galardóns nacionais e internacionais, como Mellor fotógrafo europeo do ano na categoría de reportaxe gráfica, pola Federación europea de fotografía.

Organiza: ONG Égueire e Concello de Carballo

## DO 16 MAR AO 12 ABR

### 20 ANOS DE CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ M. EIRÍS




Con motivo do XX Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, o Concello de Carballo expón as 93 fotografías premiadas nas 20 edicións deste concurso, nas que atopamos traballos de recoñecidos fotógrafos de Galicia e de toda España.

As obras dos últimos dez anos recompílanse nun catálogo publicado polo Concello de Carballo, que conta coa colaboración da Deputación da Coruña, que dá continuidade ao editado no ano 2008 coas fotografías gañadoras nas anteriores edicións.

# Amal en ruta

**MOSTRA DE CINE EUROÁRABE**
**XANEIRO**

Segunda edición deste ciclo cunha selección de seis longametraxes (catro ficcións e dous documentais) co mellor cine árabe de actualidade.

Está organizado polo Concello de Carballo e a Fundación Araguaney-Puente de Culturas, unha entidade que pretende o achegamento cultural entre o mundo árabe, e o noso país para facilitar o entendemento e respecto mútuo.

Complétase a proposta coa exposición fotográfica "Familias completas, familias incompletas".

O acceso ás proxeccións é gratuíto, ata completar aforo.

## 17-X_XOVES_20.30 H

### GHOST HUNTING



Para enfrontar as pantasmas que o obsesionan, o director palestino Raed Andoni decide construír unha réplica da o-Moskobiya, principal centro de interrogatorio de Israel, onde foi encarcerado aos 18 anos.

**Longametraxe documental / Raed Andoni | 2017 | Francia, Suiza, Palestina, Catar | 94 min**
**Lugar: Biblioteca Rego da Balsa**

## 18-X_VENRES_20.30 H

### ALMA MATER



Oum Yazan, nai de tres fillos, atrapada dentro da súa casa, converteu seu apartamento nun porto seguro para a súa familia e veciños, tratando de protexelos da guerra.

**Longametraxe de ficción / Philippe Van Leeuw | 2017 | Bélxica, Francia, O Líbano | 85 min**
**Atención: pode ferir a sensibilidade dos menores de idade**
**Lugar: Pazo da Cultura**

## 24-X_XOVES_20.30 H

### OF FATHERS AND SONS



Despois de gañar o Premio do Gran Xurado do World Cinema en Sundance, Talal Derki sedúcenos cunha historia que de dous nenos que nos axuda a comprender a complexidade e a traxedia do conflito que vive Siria.

**Longametraxe documental/ Talal Derki | 2017 | Alemaña, O Líbano, Catar, Siria | 98 min**
**Lugar: Biblioteca Rego da Balsa**

## 25-X_VENRES_20.30 H

### SHEIKH JACKSON



Que ten un imán en común co rey do pop? É el "O Xeque" Jackson ou ambos?

**Longametraxe de ficción/ Amr Salama | 2017 | Exipto | 93 min**
**Lugar: Pazo da Cultura**

## 26-X_SÁBADO_20.30 H

### O CAIRO CONFIDENCIAL



O que inicialmente parece ser un crime pasional convértese nalgo que concirne á elite do poder de Exipto.

**Longametraxe de ficción/ Tarik Saleh | 2017 | Suecia, Dinamarca, Exipto, Marrocos, Francia, Alemaña | 106 min**
**Lugar: Pazo da Cultura**

## 31-X_XOVES_20.30 H

### ZAGROS



Zagros elimina as preocupacións do seu pai mentres confía na súa esposa e négase a dar crédito aos rumores.

**Longametraxe de ficción / Sahim Omar Kalifa | 2017 | Bélxica, Países Baixos | 102 min**
**Lugar: Biblioteca Rego da Balsa**

# +info

Todas as actividades terán lugar no Pazo da Cultura de Carballo, excepto as que indican outro lugar

## Outras propostas

### XXI CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Tema libre. Branco e negro ou cor. 3000 € en premios. Remate do prazo de entrega de obras: 25 de marzo

## Proximamente

### XVII PRIMAVERA ENDANZA

**> DO 26 DE ABRIL 5 DE MAIO:** O ciclo de danza contemporánea regresa un ano máis ao escenario do auditorio do Concello de Carballo para achegarse á danza e incluirá espectáculos de compañías galegas e de fóra de Galicia, tanto para persoas adultas como para público familiar.

### VI CARBALLO INTERPLAY

**> DO 3 AO 6 DE ABRIL:** Festival de contidos dixitais

### XIV SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

**> DO 8 AO 12 DE ABRIL:** Exposición e actividades de animación á lectura. Biblioteca Rego da Balsa

## Lugares e datas de venda

**VENDA ANTICIPADA: www.ticketea.com** ou no **902 044 226** (entradas con gastos de xestión). Inicio da venda a partir do **18 de xaneiro**.
**BILLETEIRA:** Venda de bonos e entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación. As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada.
Non se admiten cambios nin devolucións.

## Prezo

**ENTRADAS:**
**Prezo ordinario:** 3 €, 4 €, 5 €, segundo o especificado en cada espectáculo
**Prezo reducido**, para estudantes con carné de estudante, maiores de 60 e menores de 12 anos: 2 €, 3 €, 3,5 €
No acceso ao espectáculo deberá acreditarse debidamente a circunstancia especial do prezo reducido. A compra anticipada a través de ticketea supón gastos de xestión polo 10% do custe da entrada.
**NOS EVENTOS DE ACCESO GRATUÍTO**, a entrada está suxeita ao aforo dispoñible, por orde de recollida de invitacións ou de chegada. Os convites poden recollerse 15 días antes da actuación no Pazo da Cultura (de 11 a 14 h) e na Biblioteca Rego da Balsa. Máx. 4 por persoa.
**BONOS:**
**Bono ordinario:** 20 €
**Bono reducido**, para estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos e menores de 12 anos: 16 €
Para os espectáculos para público adulto: Nani García Trío (1 de febreiro), Mofa e Befa (8 de febreiro), Escuchando Elefantes (15 de febreiro),Teatro do Atlántico (22 de febreiro), Talía Teatro (15 de marzo) e Eme2 (29 de marzo)
A compra anticipada de bonos a través de ticketea non supón gastos de xestión.

# Calendario

✔ ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NO BONO




**10 A 31 XAN** Cine Euroárabe
**17 XAN A 3 FEB** Siro López
**27 XANEIRO** Teatro dos Ghazafelhos
**1 FEBREIRO** Nani García Trío
**6 FEB A 6 MAR** Certame Isaac D. Pardo
**7 A 19 FEB** Premio J. Núñez
**8 FEBREIRO** PT Excéntricas
**10 FEBREIRO** Baobab Teatro
**15 FEBREIRO** Escuchando Elefantes
**21 FEB A 13 MAR** Marcos Rodríguez
**22 FEBREIRO** Teatro do Atlántico
**24 FEBREIRO** Pata Teatro
**15 MARZO** Talía Teatro
**16 MAR A 12 ABR** Certame XM Eirís
**16 E 17 MAR** Aula Teatro Carballo
**22 MARZO** Rockarballo
**29 MARZO** Eme2 Producións
**30 MARZO** Troyanos de Compostela
**31 MARZO** Teatro ó Cubo

